

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024197	IES de Cotobade	Cerdedo-Cotobade	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	35
4.2. Materiais e recursos didácticos	37
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	38
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	39
6. Medidas de atención á diversidade	40
7.1. Concreción dos elementos transversais	42
7.2. Actividades complementarias	44
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	44
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	46
9. Outros apartados	47

1. Introducción

As nosas decisións programáticas obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 4º de ESO continúa as liñas dos cursos anteriores, e como novidade, ao igual ca no curso anterior, centrarémonos no estudo da literatura galega dende o século XX ata a actualidade. Preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados, agás no bloque de educación literaria.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico, social e cultural do século XX e da actualidade.

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o catalán e o portugués, especialmente este último.

Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para 4º de ESO está articulada arredor de doce unidades didácticas articuladas segundo a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Convén sinalar que cada unidade comeza cunha lectura que dará pé a traballar diferentes elementos transversais. Á hora de nos achegar a calquera temática, a oralidade será unha liña importante de traballo para conseguir falantes que dominen con fluidez a nosa lingua.

Unha data relevante que teremos en conta será a celebración do Día das Letras Galegas, conmemoración destacada tanto para a nosa lingua coma para a cultura.

A escolla das obras de lectura obrigatoria propostas para cada trimestre obedece aos seguintes criterios que se lles aplican ás obras que se len ao longo da etapa:

- A inclusión de obras representativas do noso corpus literario.
- A inclusión de autoras e autores con obra salientable de xeito que non se repita ningún.
- A inclusión de temáticas actualizadas e atractivas para o noso alumnado que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (igualdade, dereitos humanos, benestar animal, conciencia ambiental...).
- A non repetición de temas.
- E a presenza de todos os xéneros ao longo da etapa: narrativa, poesía, teatro, ensaio divulgativo e cómic.

O I.E.S. de Cotobade é un centro educativo no que se imparten os catro cursos da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

Aínda que o instituto está situado nun contexto rural que conta con aldeas moi dispersas, o certo é que está ubicado preto da cidade de Pontevedra, o que provoca que o uso do galego sexa diverso.

O entorno sociocultural é medio baixo, xa que o centro é un dos poucos referentes culturais que ten o alumnado. No seu entorno contan con dúas bibliotecas, unha en Tenorio e outra en Carballedo; o concello organiza algunhas actividades; hai banda de música, grupo de gaitas, grupo de danza e varias agrupacións deportivas nas que participa bastante alumnado do centro, o que lles dá a posibilidade de reunirse ou facer algunhas viaxes.

O instituto conta con instalacións e recursos como a biblioteca, a aula de informática, a aula de audiovisuais ou o salón de usos múltiples que facilitaban o desenvolvemento das actividades na área de lingua e literatura.

Este curso a matrícula sitúase ao redor dos 130 alumnos/as. A maioría procede dos centros adscritos de primaria de Tenorio e de Carballedo, aínda que tamén recibe alumnado doutros concellos próximos, como Pontevedra, Campo Lameiro ou Pontecaldelas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Sodes ecoturistas?	<p>Nesta primeira unidade do curso pártese dunha situación de aprendizaxe, relacionada co sentido do humor. Contar unha historia con graza, dun xeito que faga rir, require unha técnica para xogar coas palabras e coas ideas que necesitas traballar para non caer no chiste de mal gusto. Nesta unidade, o alumnado aprenderá algúns trucos que lle axudarán a crear as súas propias bromas e poderán mostralas nun concurso de bromas.</p> <p>A situación de aprendizaxe proporciona un vehículo para que o alumnado poida contar anécdotas e traballar textos narrativos, palabras derivadas, compostas e parasintéticas. Abordarase a literatura en Galicia no primeiro terzo do século XX, a poesía na época das Irmandades e a poesía como arma de combate.</p>	8	9	X		
2	Fogares ancestrais	<p>A unidade céntrase na importancia da comunicación dentro do lugar onde vivimos ou de onde somos, xa que a lingua é un dos elementos que constitúen a nosa identidade individual e colectiva. Ese sentido de pertenza a un contorno está tan integrado que, en ocasións, diluímos o seu valor na normalidade da rutina diaria. Os alumnos elaborarán un folleto turístico dixital, para que outras persoas se animen a gozar da nosa cultura.</p> <p>A situación de aprendizaxe proporciona un vehículo para que o alumnado poida abordar os textos descritivos e a poesía de</p>	8	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Fogares ancestrais	vanguardia. Crearán un haiku inspirado nunha fotografía ou contorno natural.	8	9	X		
3	Cuestión de perspectiva	Formúlase nesta unidade unha reflexión sobre a importancia de falar, sinalando que a falta de diálogo, con frecuencia, conduce ao enfrontamento cando hai diferentes opinións ou intereses. Incídese en escoitar as razóns da outra persoa e expoñer as súas propias cunha actitude aberta á comprensión, o que permitirá chegar a acordos máis doadamente e evitará conflitos. En parellas van inventar conversas históricas que poderían ter cambiado o rumbo dos acontecementos e do destino da humanidade. A situación de aprendizaxe proporciona un vehículo para que o alumnado poida abordar os textos de diálogo, os teatrais e a prosa da época das confrarías.	8	9	X		
4	Intelixencia	Nesta unidade, abórdase o concurso literario. Os alumnos imaxinarán que, xunto con outro compañeiro, queren formar un grupo de música e necesitan recrutar xente. En parellas, van crear unha chamada para que sexa compartida a través das redes sociais e alcance unha ampla difusión. A situación de aprendizaxe proporciona un vehículo para que o alumnado poida abordar textos prescritivos, coñecer as partes da oración, etc.	9	8	X		
5	Futuribles	Nesta unidade, o alumnado vai analizar que as novas tecnoloxías están cada vez máis presentes no noso contorno, transforman a vida cotiá e traen posibilidades que nunca teríamos imaxinado, como transportarnos a outros espazos sen necesidade de desprazarnos. O alumnado creará un tour virtual das súas instalacións, invitando a coñecelas. A situación de aprendizaxe proporciona un vehículo para que o alumnado poida traballar os textos expositivos, a presentación dixital, a literatura de Galicia na época de Franco e a literatura galega no exilio.	8	9		X	
6	Da noite dos tempos	Nesta unidade, pártese de que, a través dos medios de comunicación ou no contorno inmediato, cada día asistimos ás máis diversas manifestacións de violencia, discriminación, desigualdade... Sinálase	8	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Da noite dos tempos	<p>que está nas nosas mans implicarnos e actuar, en lugar de sentir impotencia ou silenciosa indignación. Os alumnos comporán un rap-denuncia que poña o foco nun determinado problema social e mova as persoas á acción.</p> <p>A situación de aprendizaxe proporciona un vehículo para que o alumnado poida abordar os textos argumentativos, a oración composta, as relacións semánticas e a poesía de 1936 a 1976.</p>	8	9		X	
7	A máis próxima	<p>Nesta unidade, pártese dunha situación de aprendizaxe, relacionada con que o obxectivo final da publicidade é persuadir; e, para iso, utiliza técnicas e estratexias que en ocasións exceden os límites da ética. Incídese en que debemos adoptar unha actitude crítica, ante os anuncios difundidos polos diferentes medios, para evitar manipulación. Os alumnos van preparar, paso a paso, unha guía para detectar publicidade enganosa e para saber actuar contra ela.</p> <p>A situación de aprendizaxe proporciona un vehículo para que o alumnado poida abordar a análise das cuñas e os textos publicitarios. Traballarase a xustaposición e coordinación, as relacións semánticas e a poesía de 1936 a 1976.</p>	8	9		X	
8	In memoriam	<p>A unidade céntrase nas novas tecnoloxías como ferramentas que achegan cada vez máis plataformas e formatos para contar unha historia. Sinálase que hoxe en día abonda cun teléfono móbil ou unha tableta para capturar información, editala e distribuila. Ademais, os dispositivos electrónicos permiten a integración de diferentes elementos nunha mesma unidade discursiva. En grupos ou en parellas compoñerán unha peza xornalística.</p> <p>A situación de aprendizaxe proporciona un vehículo para que o alumnado poida abordar a análise dos textos dos medios, saber escribir unha noticia para un xornal dixital, estudar a subordinación, etc.</p>	9	8		X	
9	Nos ceos	<p>Nesta unidade, pártese do coñecemento de publicacións periódicas que serven como canle de apoio e difusión para a literatura. Son espazos para a experimentación e a creatividade, onde os escritores presentan novas propostas. En paralelo, constitúen o</p>	8	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Nos ceos	<p>foro ideal para a crítica, o comentario, o intercambio de opinións e a confrontación de ideas. Ademais, recompilan entrevistas, publicidade, noticias e reportaxes relacionadas co libro e a lectura.</p> <p>A situación de aprendizaxe proporciona un vehículo para que o alumnado poida abordar os xéneros xornalísticos, a subordinación de substantivos e adxectivos, a connotación, etc.</p>	8	9			X
10	Desexadas?	<p>Esta unidade parte da investigación, a exposición e o debate, por parte dos alumnos, das portadas de xornais, como escaparate que mostra a actualidade, para captar a atención do público e incitar a ler as páxinas interiores, onde se desenvolve integramente o contido.</p> <p>A situación de aprendizaxe proporciona un vehículo para que o alumnado poida abordar os xéneros xornalísticos, escribir un artigo de opinión, comprender a subordinación adverbial, etc. Estudárase a literatura en Galicia ante a chegada da democracia, prestando atención á poesía desde 1976 ata a actualidade.</p>	8	9			X
11	Por serendipidade!	<p>Formúlase nesta unidade unha reflexión sobre que, ao longo da historia, foron moitas as persoas que, desde diferentes sectores económicos, contribuíron significativamente ao desenvolvemento e benestar da comunidade no seu conxunto. Analizarán o que foi dirixir unha empresa, navegar en mar aberto, actuar sobre unha etapa ou a protección do medio deixou unha pegada que merece o noso agradecemento e recoñecemento.</p> <p>A situación de aprendizaxe proporciona un vehículo para que o alumnado poida abordar a comunicación laboral, o currículo, a carta de presentación, a subordinación adverbial, etc. Estudárase a literatura en Galicia ante a chegada da democracia, prestando atención á prosa desde 1976 ata a actualidade.</p>	8	9			X
12	Con moito misterio	<p>Nesta unidade, pártese de que falar en público é unha arte e representa un desafío que, coas novas tecnoloxías, ás veces é necesario negociar a través de plataformas en liña. Incidirase en que a dixitalización transformou as formas de traballo e, en xeral, de interacción social, polo que hoxe en día chega con ter un dispositivo</p>	10	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	Con moito misterio	electrónico para asistir a unha clase, unha reunión cun cliente ou un club de lectura, por exemplo. A situación de aprendizaxe proporciona un vehículo para que o alumnado poida abordar a comunicación laboral, o contrato, preparar unha entrevista de traballo, etc. Estudarase a literatura en Galicia, prestando atención ao teatro desde 1916 ata a actualidade.	10	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Sodes ecoturistas?	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos máis característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece e aprecia a diversidade lingüística do mundo. Reflexiona e analiza os conceptos de lingua maioritaria, minoritaria e minorizada.	PE	80
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Identifica os elementos, estrutura e características lingüística do texto narrativo.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Interpreta fragmentos literarios para establecer relacións entre a literatura e o contexto sociohistórico. (Irmandades da Fala).		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios de maneira progresiva.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Identifica a estrutura da palabra e distingue entre palabra simple, composta, derivada e parasintética.		
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Elabora unha narración contando unha anécdota atendendo as propiedades textuais de adecuación, coherencia e cohesión.	TI	20
CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Produce texto oral sobre tema de interese social (impacto do turismo) con adecuación, coherencia cohesión.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpreta e valora textos poéticos da época das Irmandades da Fala. (Noriega Varela e Ramón Cabanillas).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Multilingüismo. Linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da lin-guaxe. As falsas noticias. Valoración - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramati-cal e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
2	Fogares ancestrais	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Identifica e valora a riqueza lingüística da Península Ibérica.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identifica o texto descritivo e analiza as súas clases.	PE	80
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpreta e valora textos poéticos da Vangarda galega.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Interpreta textos vangardistas e vincúlaos coa literatura medieval (trobadorismo).		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Interpreta textos vangardistas e vincúlaos con outras artes (caligramas).		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios de maneira progresiva.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Comprende os trazos xerais da lectura da unidade e sabe dar opinións sobre o tema tratado.	TI	20
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende e interpreta os mecanismos de cohesión presentes nun texto.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Elabora un texto descritivo (caricatura) axustándose as propiedades textuais.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Formula xeneralizacións sobre o funcionamento da lingua, a denotación e a connotación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - A realidade lingüística da península ibérica. As linguas do estado español - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas.
- Os textos descritivos. Organización e recursos lingüísticos.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

UD	Título da UD	Duración
3	Cuestión de perspectiva	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Valorar a lingua éuscara, analizando as súas características máis salientables para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Coñece a realidade lingüística de España e valora a lingua éuscara.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Define e identifica as características dos textos dialogados, ben sexan espontáneos ou ben planificados.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica aos membros do Grupo Nós e sitúa cronoloxicamente a súa produción literaria.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Recoñece os trazos da prosa e do ensaio, de Risco e Pedrayo.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios de maneira progresiva.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Localiza e argumenta como se organizan as palabras en sintagmas dentro do enunciado (oracionais ou non oracionais).		
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Expón sobre temas do seu interese de maneira planificada.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Elabora un texto no que se comparan as características do diálogo teatral con outros tipos de diálogos (conversa e debate).	TI	20
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establece vínculos entre os autores da mesma etapa a través dos seus textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Valoración e comprensión das principais características do éuscaro.

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbai
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

UD	Título da UD	Duración
4	Intelixencia	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Coñece o estatus legal da lingua galega e a normativa básica.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa e analiza as súas producións textuais.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Realiza unha interpretación global da obra de Castelao/ Dieste e pon a relación ao contexto sociohistórico.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Le unha obra literaria de forma autónoma en cada avaliación e deixa constancia da súa lectura.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Comprende e analiza a finalidade, a temática e a vinculación con outras artes dos textos correspondentes ao período tratado no tema.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Recoñece os diferentes constituíntes da oración. Suxeito e predicado.		
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Elabora traballo sobre a situación legal do galego no ensino e coñece a lexislación que o regula.		
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende os trazos xerais da lectura da unidade e sabe opinar sobre o tema.	TI	20
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Elabora textos prescritivos sobre diversos temas.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracións institucionais. - Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Os textos prescritivos. Tipos, características e trazos formais e de expresión - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos uso - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, formular e avali - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.

UD	Título da UD	Duración
5	Futuribles	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos máis característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece as variedades lingüísticas do galego	PE	80
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identifica e define as características do texto expositivo (estrutura e trazos lingüísticos)		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Coñece os autores e obras destacadas dos distintos xéneros literarios no exilio.		
